DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SERVIZOS SOCIAIS
Expediente nomeamento xurado: 2026000031709
Expediente convocatoria: 2026000024272

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA O XURADO DO VI PREMIO DE "BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ANO 2026

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas Bases reguladoras do premio, publicadas no BOP número 153 do 13 agosto de 2026, e logo de ver os informes da Sección de Servizos Sociais e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte composición do xurado

Presidenta:	María del Mar García Vidal, Deputada da Área de Política Social, Educación e Mocidade
Secretaria:	Manuela Lorenzo Rodríguez, xefa do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade ou, no caso da súa ausencia, Carolina Buhigas Jack, xefa da Sección de Servizos Sociais
Vogais:	Paula Filgueiras Espasandín
	Fernanda Soutullo Siverio
	Víctor Manuel González Meizoso

Segundo.- Fixar os honorarios, que se abonarán ás persoas do xurado despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0611/23121/22699 do vixente orzamento, documento contable A con número de operación 220260039092.

Nome e apelidos	NIF	Base liquidable
VICTOR MANUEL GONZALEZ MEIZOSO	***1696**	800,00 €

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.